A organización de España e Europa 4

1.- A organización territorial de España.

España atópase no suroeste de Europa e ocupa case que 506 000 km^2, a maior parte na península ibérica, xunto coas Illas Canarias, as Illas Baleares e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla situadas no norte de África. O territorio está organizado en tres grandes niveis: **municipios**, **provincias** e **comunidades autónomas**.



① **Municipios**: son as unidades administrativas máis pequenas. Están formadas por localidades e o seu territorio ao que se chama **termo municipal**. Ocúpanse dos servizos básicos como a auga ou a recollida de lixo. Están gobernados por un **concello** formado por un **alcalde** ou **alcaldesa** e os **concelleiros** e **concelleiras**. En España hai máis de 8000 municipios.

② **Provincias**: é o **conxunto** formado por **municipios** relacionados entre si por razóns históricas, xeográficas e culturais. O seu órgano de goberno son as **deputacións provinciais** agás naquelas comunidades que so teñen unha soa provincia como Asturias. Nas Illas Baleares hai un **consello** en cada illa que nas Canarias recibe o nome de **cabido**. España ten 50 provincias, 47 peninsulares e 3 insulares.

③ **Comunidades autónomas**: son territorios formados por unha ou máis provincias relacionadas entre si por motivos históricos, xeográficos, culturais e lingüísticos.

Todas as comunidades teñen un **parlamento**, un **goberno**, un **presidente** e **conselleiros** e un **tribunal superior de xustiza**. En España temos **17 comunidades autónomas** e **dúas cidades autónomas**: **Ceuta** e **Melilla**. Algunhas comunidades teñen unha soa provincia como Cantabria, Madrid ou Murcia mentres que outras teñen varias como Estremadura, Castela-León ou Galicia.

2.- A organización política de municipios e comunidades.

① **Do concello**: está formado polo **alcalde** ou **alcaldesa** e os **concelleiros** e **concelleiras**, estes son elixidos polos veciños nas **eleccións municipais** que se celebran cada catro anos. A súa vez os concelleiros e concelleiras elixen ao alcalde ou alcaldesa.

② **Do goberno autonómico**: as autonomías están rexidas por unha lei principal, o **estatuto de autonomía** no que se recollen as leis propias. No estatuto recóllense aspectos como o nome da comunidade, territorio, capital, símbolos (bandeira, himno...) ou a organización das institucións que a forma.

O Parlamento autonómico: representa a toda a poboación dunha comunidade, esta formado por **deputados** e **deputadas** elixidos en eleccións autonómicas cada catro anos quen a súa vez elixen ao **presidente** ou **presidenta**. A súa función é, entre outras, a de elaborar as leis autonómicas ou aprobar os presupostos. O **Parlamento Galego,** en Santiago de Compostela está composto por 75 diputadas e diputados.

O Goberno autonómico: está formado pola **presidenta** ou **presidente** da comunidade e os **conselleiros** e **conselleiras** nomeadas polo presidente ou presidenta. Os conselleiros e conselleiras administran aspectos como a educación ou a sanidade dende as Consellerías.

O Tribunal Superior de Xustiza: é a máxima representación do **poder xudicial** en cada comunidade.

3.- A organización política de España.

España é un estado **democrático** e **social** que defende os valores de: **Iguais dereitos e deberes** para cada persoa, por exemplo, todos temos o dereito a desprazarnos polo seu territorio e temos o deber de cumprir as leis.

Democracia: son os cidadáns os que elixen aos seus representantes por **sufraxio universal**, é dicir toda persoa maior de 18 anos ten o dereito de votar.

Igualdade ante a lei: sen distinción de ningún tipo, raza, sexo ou relixión.

Estes valores foron aprobados no **referendo** do 6 de decembro de 1978 polo que foi aprobada a **Constitución Española**. A Constitución é a lei xeral na que se recollen todos os **dereitos e deberes dos españois** na que se establece que España é unha **monarquía parlamentaria** e cales son as **institucións do Estado**: o **xefe do Estado**, o **poder executivo**, o **poder lexislativo** e o **poder xudicial**.

① **O xefe do Estado**: como España é unha monarquía, o seu xefe é o **rei**, quen representa ao país e exerce o mando supremo das Forzas Armadas. Felipe VI foi coroado Rei de España despois da abdicación do seu pai, o rei Xoan Carlos I de España.

② **O poder executivo**: é o **goberno**. Dirixe a política interior e exterior do país, elabora os presupostos do Estado e propón novas leis ao Parlamento. Está formado polo **presidente** ou **presidenta**, que é elixido polo **Congreso dos Deputados** e nomeado polo rei, e as **ministras** e **ministros** que dirixen distintas áreas como educación, infraestruturas... Presidente e ministros reúnense semanalmente no **Consello de Ministros**.

③ **O poder lexislativo**: está representado polo **Parlamento**, e é o encargado de elaborar leis e controlar ao Goberno. Este Parlamento, que recibe o nome de **Cortes Xerais**, divídese en dúas cámaras: o **Congreso dos Deputados** e o **Senado**. No Congreso vótanse as leis propostas polo Goberno mentres que o Senado propón cambios ou emendas ás leis. Os membros do Congreso e do Senado son elixidos polos cidadáns nas **eleccións xerais**.

④ **O poder xudicial**: os **xuíces** e os **tribunais** son os encargados de administrar xustiza. Os principais tribunais de xustiza son o **Tribunal Supremo** e o **Tribunal Constitucional**.

4.- Símbolos das comunidades e do Estado.

Cidades e comunidades autónomas así como o Estado teñen basicamente tres símbolos que os representas e distinguen: a **bandeira**, o **escudo** e o **himno**.



① **Galicia**: No noso caso a **bandeira** é un rectángulo branco e unha franxa azul celeste que a atravesa da esquina superior esquerda á esquina inferior dereita, a súa orixe é do século XIX e está inspirada na bandeira da Comandancia Naval da Coruña, primeiramente foi adoptada polos emigrantes, unha gran parte deste emigrantes partían para América dende o porto da Coruña, e logo polo resto de Galicia.

En canto ao **escudo**, o primeiro escudo de armas do Reino de Galicia ven do século XV onde simplemente aparecía un símbolo eucarístico cun copón que no XVI convértese nun cáliz cunha hostia enriba. Logo rodeouse, primeiramente de seis cruces, e logo de sete cruces para identificar as sete cidades do antigo reino.

Sobre o **himno** xa sabes que é o poema "**Os pinos**" de **Eduardo Pondal** cunha composición musical de **Pascual Veiga**.

② **España**: a **bandeira** está formada por tres franxas horizontais de cores vermella, amarela e vermella tendo a amarela o dobre de alto que as outras. A súa orixe xurde dun problema naval, cando accede ao trono Filipe V da dinastía dos Borbóns instaurou a súa bandeira que tiña, como no seu escudo de armas, un fondo branco; por aquel entón gobernaban en Europa máis membros da dinastía dos Borbóns (Francia, Sicilia, Nápoles, Toscana ou Sicilia) isto fixo que houbese moitos problemas á hora coñecer a orixe ou procedencia dos barcos, sobre todo nas batallas. Isto fixo que Carlos III encargara a creación dunha bandeira nova. Carlos III escolleu a de cores vermella e amarela por ser fácil de ver no mar. Esta bandeira implantouse tamén no Exercito de Terra e fíxose popular entre a poboación na Guerra da Independencia Española (1808-1814) contra os franceses, tal foi a súa popularidade que Isabel II declarouna bandeira nacional.

O **escudo** representa aos reinos da idade media que unidos formaron España, no seu centro ten tres flores de lis símbolo da familia Borbón e na cima unha coroa real.



O **himno** é unha Marcha Real ou Marcha de Granadeiros que nun principio era interpretada nos actos públicos aos que asistían o Rei ou a Raiña. En 1770 Carlos III declarouna como Marcha de Honor pero foi a costume popular a que a converteu en himno nacional. Non ten letra oficial (no mundo so outros catro países teñen himnos sen letra).

5.- A orixe da Unión Europea.

Despois da **Segunda Guerra Mundial** (1939-1945) Europa quedou arrasada; cidades destruídas e millóns de persoas mortas. Para evitar outra catástrofe deste tipo varios gobernantes de estados democráticos impulsaron os primeiros tratados. En **1975**, Alemaña, Bélxica, Francia, Italia, Luxemburgo e os Países Baixos firmaronO 12 de xuño de 1985 o presidente de España, Felipe González, firma o tratado de adhesión. o **Tratado de Roma** no que se creaba a **Comunidade Económica Europea** (CEE) establecendo un **mercado común** onde as mercancías podían circular libremente sen pagar impostos nas aduanas.

Co paso do tempo fóronse incorporando novos países ao mesmo tempo que se cambiaba o nome e se firmaban novos tratados, así no **1986 incorpóranse Portugal e España,** en 1987 pasa a chamarse **Comunidade Europea** e en 1992 os, naquel tempo, 12 membros decidiron que a unión económica fose tamén política no **Tratado de Maastricht**, a partir do cal pasou a chamarse **Unión Europea** (UE).

En **2002** a maioría dos países deixaron as súas moedas, a peseta no caso de España, e empezaron a usar unha moeda común, o **euro**.

Ao longo destes anos novos países foron solicitando a súa incorporación ata os **28 países** que a forman na **actualidade**. En **2013** incorporouse Croacia e asinouse tamén a **Constitución Europea**. Existen outros países como Turquía ou Islandia que solicitaron a súa adhesión e que para facelo deberán de adoptar as leis que marca a UE.

6.- Institucións da Unión Europea.

Os estados membros da Unión seguen sendo independentes pero ceden parte dos seus poderes para conseguir os obxectivos marcados. A Unión ten varias institucións como:

① **O Consello da Unión Europea**: integrado polos **ministros** e **ministras de cada país**, toma as decisións importantes xunto co **Parlamento Europeo**, aproba leis, dirixe a política exterior europea e coordina as normas económicas. Cada país, por quendas, preside durante seis meses este Consello.

② **O Parlamento Europeo**: formado por **751** deputados e deputadas (**eurodeputados**) elixidos polos cidadáns nas **eleccións europeas**. Encárgase de elaborar leis e os presupostos comunitarios.

③ **A Comisión Europea**: é o **goberno**, está formado por **un comisario de cada páis** e un **presidente** que é elixido polos gobernos da Unión Europea. Igual que outros gobernos encárgase de propor leis, garante que se cumpren esas leis e xestiona os fondos económicos.

④ **O Tribunal de Xustiza**: garante o cumprimento das leis e tratados. Está formado por **un xuíz** e **avogados** xerais escollidos **por cada estado**.

⑤ **O Tribunal de Contas**: controla o diñeiro da Unión Europea.

7.- Obxectivos da Unión Europea.

Como obxectivo principal a Unión promove a defensa dos **valores democráticos**, a **paz** e o **benestar**. Para elo debe de:

Promover a **solidariedade** e axuda económica entre os países membros.

Permitir a **libre circulación** de persoas e mercancías dentro do seu territorio.

Avanzar cara a **unión política** dos Estados.

Procurar o **desenvolvemento** tecnolóxico e científico.

Promover e **defender** a **diversidade cultural**.

Loitar contra a **desigualdade**.





JOSÉ MANUEL BOUZÁN MATANZA